

REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIONS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

CAPITULO I

Dos Títulos, honores e condecoracións Oficiais do Concello de PONTEDEUME

Artigo 1ª.- O obxecto de premiar excepcionais merecementos, servicios destacados, accións e traballos valiosos en calquera dos aspectos social, político, cultural, científico, artístico ou aportacións singulares en orden o engradecemento e prosperidade de PONTEDEUME, o Concello poderá outorgar no sucesivo Honores e Distincións, tales como Medallas do Concello, Medallas ó Merito, Títulos de Fillos Predilectos e Adoptivos de Pontedeume, Membros Honorarios da Corporación e igualmente erixir monumentos, bustos, colocación de placas conmemorativas e denominación de rúas, prazas, avenidas, edificios, parques ou paseos co nome de aquelas persoas ou entidades que a xuício da Corporación teñan méritos especiais ou presten servicios extraordinarios a PONTEDEUME.

Artigo 2º.- Para a concesión de tódalas distincións, o Concello de Pontedeume terá de observar as normas regulamentarias que a continuación se consignan, e ter en conta que ningunha das precedentes distincións e honores, poderán ser otorgadas a persoas que desempeñen altos cargos na Administración do Estado, Comunidade Autónoma, Provincia e Municipio, en tanto ocupen estes cargos.

Artigo 3º.- Constituirán méritos para a concesión das distincións, recompensas e honores a que se contrae o Art. 1º, os seguintes:

a) Prestar servicios de relevancia a Galicia e Pontedeume que representen indudable e evidente proveito para o engrandecemento, prestixio e progreso de Galicia e da nosa Vila de Pontedeume.

b) A realización de traballos extraordinarios de incontrastable importancia en calquera dos aspectos humanos, político, cultural, científico, artístico, económico social ou de defensa do noso patrimonio e natureza, que polo seu contido ou pola persoa, persoas ou Entidades que o realicen se proxecta vinculación a Pontedeume.

c) A laboriosidade exemplar e extraordinaria capacidade de grandes iniciativas e realizacións levadas a cabo e postas de manifesto en beneficio dos cidadáns e da propia vila de Pontedeume.

d) As donacións e fundacións banéficas, culturais, científicas, artísticas ou de outro carácter que promocionen o estudo e a investigación e favorezan en moi alto grado o Concello de Pontedeume.

e) En xeral, os feitos exemplares que, redundando en beneficio de Pontedeume e os seus cidadáns, revistan importancia ou signifiquen unha constante protección e promoción dos intereses sociais e culturais do noso pobo e dos seus fillos.

Artigo 4º.- Tódalas distincións a que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que por tanto, otorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

CAPITULO II

Dos Títulos de Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo do Concello de Pontedeume.

Artigo 5º.- O Título de Fillo Predilecto de Pontedeume, solo poderá recaer en que nacera en Pontedeume e polas súas destacadas cualidades personais ou méritos

sinalados e singularmente polos seus servicios en beneficio, mellora ou honor de Pontedeume e teña acadado o prestixio e consideración xeral tan indiscutible no concepto público.

O nomeamento de Fillo Adóptivo poderá conferirse a favor de persoa que sin nacer en Pontedeume e calquera que sexa a súa natureza de orixe, reuna os méritos e circunstancias enumeradas anteriormente.

Tanto o título de Fillo Predilecto como o de Fillo Adoptivo poderá concederse como póstumo homenaxe o falecemento de personalidades nas que concorriran os merecementos citados.

Artigo 6º.- Os Títulos de Fillo Predilecto e Fillo Adoptivo serán vitalicios e constituen a primeira e maior distinción que o Concello de Pontedeume poida outorgar.

Artigo 7º.- O Título de Fillo Predilecto ou de Fillo Adoptivo de Pontedeume, gozarán de representación persoal, por dereito propio, e ocuparán un lugar inmediato ó Concello nos actos oficiais e nas solemnidades que a Corporación celebre.

CAPITULO III

Do nomeamento de Membros Honorarios do Concello de Pontedeume.

Artigo 8º.- O nomeamento de Alcalde ou Concelleiro Honorario do Concello de Pontedeume poderá ser outorgado por este a personalidades nacionais ou extranxeiras como mostra da alta consideración que lle merecen ou correspondendo a outras análogas distincións de que foran obxeto a Corporación ou as Autoridades municipais de Pontedeume.

Artigo 9º.- Os nomeamentos de Alcalde ou Concelleiro Honorario poderán facerse con carácter vitalicio, ou por prazo limitado ou circunscrito tan só ó período que corresponda ó cargo que ocupa o designado, cando a designación fora acordada expresamente en atención a dito cargo.

Artigo 10º.- As persoas designadas con tales nomeamentos honoríficos carecerán de facultades para intervir no goberno ou administración de Pontedeume, pero o Alcalde efectivo poderá investilo de funcións representativas cando estas tiveran que exercerse fora da demarcación territorial de Pontedeume.

Na credencial destas designacións, os nomeados utilizaràn os mesmos distintivos que os membros da Corporación e o Alcalde non levará símbolo de mando.

CAPITULO IV

Da Medalla de Pontedeume nas súas diferentes categorías

Artigo 11º.- A medalla de Pontedeume terá carácter de condecoración municipal no seu grado máis elevado de Medalla de Honor e nas súas tres categorías de Ouro, Prata e Bronce.

Artigo 12º.- A Medalla de Pontedeume constitue o grado máximo das condecoracións que pode outorgar a Corporación; e respondendo a ese seu carácter excepcional terá de reservarse a súa concesión a casos tamén verdadeiramente excepcionais, de méritos extraordinarios que concorrán en personalidades, entidades ou corporacións nacionais ou extranxeiras que polos seus destacados merecementos e polos relevantes servicios prestados á Vila de Pontedeume e honor a ela dispensado, pode considerarse polo Concello de Pontedeume dignas por tódolos conceptos desta elevada recompensa.

Artigo 13º.- Co propósito de manteñer e robustece-lo prestixio da Medalla de Pontedeume, o Concello deberá concedela con suma limitación entre acordo e acordo.

Artigo 14º.- A Medalla de Pontedeume será acuñado segundo a súa categoría no correspondente metal de Ouro, Prata e Bronce, ostentará no anverso o Escudo de Pontedeume, encerrado este nunha orla, e no reverso unha lenda que exprese o nome do Concello de Pontedeume, o nome e apelidos do interesado ou da Entidade e a data de concesión. A medalla penderá da Coroa Real.

CAPITULO V

Da Medalla ó Mérito Cultural, Artístico, Deportivo e ós Servicios prestados ó Concello.

Artigo 15º.- Da medalla ó Merito fíxanse tres categorías: Ouro, Prata e Bronce.

Artigo 16º.- A concesión desta Medalla terá como mérito especial premiar a aquelas persoas ou Entidades que teñan sido relevantes no aspecto cultural, artístico, deportivo e pola prestación de servicios ó Concello.

CAPITULO VI

Da concesión de outras distincións honoríficas.

Artigo 17º.- Poderán consistir outras distincións a conceder polo Concello de Pontedeume, como reconecemento ós acusadísimos méritos contraídos ó servio da vila de Pontedeume, na designación co nome das persoas que sexan dignas delo, e prazas, avenidas, rúas, edificios, parques ou paseos de Pontedeume na Colocación de Placas conmemorativas que perpetúen o nome de monumentos e estatuas en lugares públicos como recordo permanente a persoas ou feitos de transcendental importancia para o Concello de Pontedeume, e calquera honor que a Corporación Municipal estime adecuado, en ambivalencia rigurosa coas circunstancias de cada caso.

CAPITULO VII

Das formalidades para a concesión de distincións honoríficas.

Artigo 18º.- Para que poda concederse calquera dos honores e distincións que neste Regulamento se mencionan, é indispensable a tramitación do oportuno expediente que permita xustificar de forma concluinte as razóns do outorgamento.

Artigo 19º.- As propostas de concesión de honores e distincións somentes poden tomarse en consideración cando procedan:

- 1º Do sr. Alcalde-Presidente da Corporación.
- 2º Da petición conxunta de cinco concelleiros.
- 3º De solicitude razonada dimanante de tres Entidades, Centros Oficiais, Institucións ou Asociacións.
- 4º De instancias suscrita por máis de douscentos veciños de Pontedeume.

Artigo 20º.- A mera incoación do expediente requirirá acordo do Concello Pleno, adaptado alomenos co voto favorable dos dous tercios dos membros da Corporación. De

acordarse a incoación do expediente, no mesmo acordo nomearase a persoa que actue como xuíz Instructor e a de Secretario das actuacións.

Artigo 21º.- A proposta será obxecto de información pública polo prazo dun mes, con publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local, durante o cal, ademáis de aportarse a documentación xustificativa dos méritos, poderán comparecer no expediente cantas persoas o desexen para constatar os datos, noticias ou xuízos que procedan en relación coa proposta e advenir a xustificación dos merecementos coas informacións, en orden ás evidentes constancias de servicios, feitos ou actuacións.

O instructor poderá interesar o dictamen, opinión ou asesoramento de outras persoas, entidades, empresas, organismos ou Corporacións, a fin de completar cantos elementos de xuízo considere imprescindible ou necesarios para a formalización de posterior proposta, e cando estes se emitan con carácter reservado, gardará segredo e impedirá calquer divulgación ou indiscreción.

Artigo 22º.- Para a concesión da Medalla ó Mérito Cultural, Artístico, Deportivo e dos servicios prestados ó Concello, será preceptivo o informe das Comisións de Cultura, de Deportes, ou a de Persoal.

Artigo 23º.- Concluída a información pública o Instructor elevará as súas actuacións ó Concello Pleno co razonado dictamen inspirado en severo criterio e baseado na importancia dos méritos plenamente xustificados, propoñendo a concesión ou denegación da recompensa solicitada, resolvendo, o Pleno do Concello, á vista do expediente e do dictamen do Xuíz Instructor, e co voto favorable dos dous tercios dos membros que constitúan a Corporación.

CAPITULO VII

Disposición de carácter xeral

Artigo 24º.- Cada nomeamento ou distintivo entregárase e impórse polo sr. Alcalde-Presidente en acto de acusada solemnidade, no Salón de sesións da Casa Consistorial e en presenza da Corporación en Pleno e invitándose ó efecto ás autoridades locais e representación das entidades. Co emblema e distintivo entregárase ó interesado unha credencial en pergamino ou cartolina, no que consten os nomes e apelidos, resume dos feitos, méritos ou servicios cos que se obtuvo o galardón e recoñecemento de Pontedeume, e data da concesión.

Artigo 25º.- O descubrimento dunha placa que dá nome a unha rúa, praza ou paseo, ou outro tipo de monumento, verificarase coa mesma solemnidade de acto público que se anunciará previamente, aínda que se terá que contar co consentimento do homenaxeado ou do seus familiares en primeiro grado no suposto de homenaxe póstumo.

Artigo 26º.- A Corporación, co voto favorable dos dous tercios dos seus membros, a proposta da Alcaldía ou a instancia conxunta de cinco Concelleiros, e seguindo o mesmo procedemento que para o seu outorgamento, poderá privar das distincións que son obxecto deste Regulamento, calquera que sexa a data en que foran conferidas, a quenes incurran en faltas que aconsellen esta medida extrema.

Artigo 27º.- Coa única excepción de SS.MM. Os Reis de España, e membros da Familia Real, non poderán adoptarse acordos que outorguen honores e distincións a que desempeñen altos cargos como se enumera no artigo segundo.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, que consta de 27 artigos e unha disposición final, entrará en vigor ó día seguinte o da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo sinalado no art. 65.2, en relación co 70.2 da Ley 7/1985, de 2 de abril.